

IMOS DE VIAXE!

De luns a venres estudaches? Estiveches en contacto coas amizades, os avós, curmáns...? paraches un pouco a falar coa xente da túa familia? dedicácheste ao aseo propio e axudaches na limpeza da casa? Coidácheste e contribuíches a coidar os demais? Fixeches todos os días algo de exercicio?

Se é así na fin de semana meréceste un premio (se respondes non a varias das preguntas anteriores, volve á “casilla” 1ª e mira de dedicar algo de tempo a todo iso que preguntamos...)

Para todas as que fixestes o que había que facer de luns a venres vai aí o premio para a fin de semana: **Imos de viaxe!!!**

Escollemos para ti unha relación de vídeos e canles para viaxar sen saír da casa (quen nos dera poder saír aínda que só fora poder baixar ao paseo marítimo...).

En todos os enlaces tes un vídeo de presentación ou exemplo da canle, e logo unha breve explicación de en que consiste esa canle e o enlace a ela:

Imos alá! Non te marees:

- [Como durmir nun hotel burbulla](#). Canle *Luisito Comunica*

Forma parte da canle de [Luisito Comunica](#), un YouTuber mexicano, con máis de 30 millóns de seguidores, que percorre todo o mundo e conta as súas experiencias. Ademais dos vídeos de viaxes tamén fai outros sobre experiencias ou curiosidades.

- [Naranjito y yo](#). Canle *Jorge Sierra*.

[Jorge Sierra](#) é un aventureiro coruñés de Monte Alto, enxeñeiro de telecomos, que percorreu o mundo nun 2cv de cor laranxa. Foron 1430 días de viaxe, 117.000 km, 54 países que deixou contados nestes vídeos.

- [Método Marie Kondo e outros para facer a maleta](#). Canle *Ways to go*.

Cando todo isto pase seguro que teremos moitas ganas de viaxar e esta canle, [Ways to go](#), danos unha chea de consellos e recomendacións á hora de levantar voo.

- [Viaxes inesquecíveis para nenos](#). Canle *Los Mundo. Viajar en Familia*.

[La vuelta al mundo en familia](#) é unha canle dunha familia con tres fillos de 1, 4 e 6 anos que deixaron casa, colexio, empresa e Madrid, e botáronse a percorrer o mundo nun camión 4x4.

- [Deixeino todo para viaxar polo mundo en moto](#). Canle *Charly Sinewan*.

[El mundo en moto de Charly Sinewan](#) é outra canle dun viaxeiro que percorre o mundo en moto.

- [A volta ao mundo en 80 días](#). Canle *MolaViajar*

[MolaViajar](#) é unha parella de youtubers que coa súa filla viaxan por todo o mundo contando as súas experiencias durante 8 meses. Moito humor e moitos consellos prácticos.

- [Viaxando sen papel hixiénico](#). Canle de *Daniel Tirado*. Esta é moi apropiada para este momento que a xente botouse como tola a mercar papel hixiénico e resulta difícil atopalo nas tendas. É das cousas máis absurdas deste confinamento, cando todo pase escribíranse ducias de libros de autoaxuda “Como vivir sen papel hixiénico”, “O papel hixiénico e mais ti...” Como nos habemos de rir disto dentro duns meses!

[Daniel Tirado](#) é un YouTuber colombiano que viaxa por todo o mundo con moitos consellos para demostrar que calquera pode viaxar a baixo custe.

- [Benvidos](#). Canle *Mariel de Viaje*.

[Mariel Galán Alvarado](#) é unha YouTuber mexicana que transmite unha grande enerxía e alegría nos seus vídeos, gravados arredor de todo o mundo.

Que che pareceron? Cal é para ti máis interesante? E a viaxe máis respectuosa co medio?. Coñeces ti outras que cres que son máis interesantes? Para a fin de semana que vén faremos outra entrada con canles de viaxes, se me mandas o enlace ou calquera outra suxestión seguro que podemos tela en conta. Xa sabes a: mxosebravo@edu.xunta.gal

Vémonos pronto e sobre todo CÓIDATE MOITO!!!